



## CONVOCATORIA

De orde do Sr. Presidente convócase a vostede á sesión ordinaria a celebrar pola Xunta de Goberno da Excma. Corporación Provincial, en primeira convocatoria ás once horas do día **VINTE E SEIS DE OUTUBRO DE DOUS MIL DEZAOITO**, para tratar sobre os asuntos incluídos na Orde do Día, previamente aprobada pola Presidencia.

De non celebrarse na data e hora indicados, a sesión terá lugar en segunda convocatoria o luns seguinte, excepto que coincida con días festivos, ou inhábiles, en cuxo caso celebrarse á mesma hora do primeiro día seguinte hábil.

A partir da convocatoria os expedientes encóntranse a disposición dos Sres. Deputados na Secretaría da Deputación.

Lugo, 24 de outubro de 2018

**O SECRETARIO,  
EN FUNCIONS,**

## ORDE DO DIA

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria celebrada o día dezanove de outubro de dous mil dezaoto.
2. Aprobación, se procede, de instrucións para a aplicación da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (Instrución nº 2).
3. Aprobación, se procede, da modificación do contrato administrativo de servizos para executar as prestacións necesarias para o correcto funcionamento das rutas fluviais nos encoros de Santo Estevo (río Sil-embarcadoiro de Doade) e Os Peares (río Miño-embarcadoiro de Belesar-Pobo), na tempada 2018.

4. Aprobación, se procede, dos Pregos de Cláusulas Administrativas e de Prescricións Técnicas e do expediente de contratación da “Subministración de fundentes para o mantemento da vialidade invernal na rede viaria provincial de Lugo: Campañas 2018-2019 e 2019-2020”.
5. Adxudicación da contratación por lotes dos servizos de termalismo derivados da execución do Programa denominado Lugo Termal 2018.
6. Proposta en relación cos escritos dos Alcaldes de varios Concellos solicitando unha prórroga para a execución dos investimentos e actuacións incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2017.
7. Proposta en relación cos escritos dos Alcaldes de varios Concellos solicitando unha prórroga para a adxudicación de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2018.
8. Proposta en relación co escrito do Alcalde do Concello de Ribeira de Piquín, solicitando a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2018.
9. Aprobación, se procede, de convenios e modificacións de convenios de colaboración con distintas Entidades e Concellos.
10. Proposta relativa ao arrendamento do local ocupado polo Servizo Provincial de Recadación e Xestión Tributaria.
11. Proposta de aprobación, se procede, dos Plans de Seguridade e Saúde no Traballo
12. Proposta de adquisición por mutuo acordo de bens e dereitos necesarios para a realización da obra: FONSAGRADA.- Acondicionamento LU-P-1901 “Fonsagrada (LU-530)-Navia (LU722)”, p.k. 0,000 ao 4,350.
13. Proposta de aceptación, se procede, de renuncias de subvencións destinadas a actividades de interese cultural, anualidade 2015.



14. Proposta de declaración de perda do dereito ao cobramento total de subvencións destinadas a entidades culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades culturais na anualidade 2015.
15. Proposta de declaración da perda do dereito ao cobramento total de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo para a realización de actividades deportivas na anualidade 2017.
16. Proposta de corrección de erros das bases para a provisión de postos de traballo de persoal laboral desta Excma. Deputación Provincial, aprobadas por acordo da Xunta de Goberno do 19 de outubro de 2018.
17. Proposta de corrección de erros das bases para a provisión de postos de traballo de persoal funcionario desta Excma. Deputación Provincial, aprobadas por acordo da Xunta de Goberno do 19 de outubro de 2018.
18. Proposta de xubilación forzosa, por cumprimento da idade legal establecida, dunha funcionaria provincial.
19. Proposta de xubilación forzosa, por cumprimento da idade legal establecida, dun funcionario provincial.
20. Comparecencia no Procedemento Ordinario nº 1022/2017.
21. Comparecencia nas Dilixencias Previas Procedemento Abreviado nº 946/2018.
22. Comunicacóns da Presidencia.
23. Rogos e Preguntas regulamentariamente formulados.